

Reunido o día 18 de xaneiro de 2024 o Tribunal das probas selectivas para cubrir unha praza da categoría profesional de técnico de grao medio de investigación (análise instrumental), grupo II, pola quenda de promoción interna, do cadro de persoal laboral, da Universidade de Santiago de Compostela (resolución reitoral do 27 de abril de 2023, DOG 10.05.2023), de cara a realización do 3º exercicio, atendendo á disposición da convocatoria que establece que *“Antes da realización de cada exercicio, o tribunal deberá ter aprobados e publicados os criterios de avaliación e corrección”*, e considerando que as previsións da convocatoria para a realización do terceiro exercicio son as seguintes:

“Terceiro exercicio: “consistirá na realización dun exercicio de carácter práctico ou teórico-práctico, proposto polo tribunal e relacionado co contido do programa, no cal os/as aspirantes deberán demostrar as capacidades para o desempeño das funcións correspondentes.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 180 minutos.

A puntuación deste exercicio será de 0 a 35 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 15 puntos

ACORDA publicar as seguintes **instrucións e criterios de corrección**:

1. A persoa aspirante deberá ir provista de DNI ou de documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, e de bolígrafo, lapis e goma de borrar.
2. Non se permitirá o acceso á sala na que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro material ou instrumento de que se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.
3. Para a resolución do exercicio é recomendable que as persoas aspirantes veñan provistas dunha calculadora non programable.
4. O exercicio constará de tres partes, dúas delas de carácter teórico-práctico aplicado ó coñecemento de tarefas habituais na Unidade de Análise Instrumental, e unha terceira parte de carácter práctico na que serán avaliadas as capacidades e coñecementos para o manexo da instrumentación científica dispoñible na Unidade.
5. Na folla de exame detallarase a puntuación de cada unha das partes do exercicio.



Proceso selectivo, convocado por resolución reitoral do 27 de abril de 2023, (DOG 10.05.2023) para cubrir 1 praza da categoría profesional de técnico de grao medio de investigación (análise instrumental), grupo II, pola quenda de promoción interna.

Consonte coa base 7.2 da convocatoria, as persoas aspirantes disporán de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da realización de cada exercicio, para presentar **reclamacións ás preguntas formuladas polo tribunal no correspondente exercicio.**

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
A presidenta do Tribunal

Verónica Piñeiro Gómez

- Taboleiro electrónico da sede electrónica USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>)
- Páxina web das convocatorias de PAS da USC (<https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/PAS/oep/listado>)
- Lugar de realización do 2º exercicio: sala de reunións da primeira planta do Edificio CACTUS-LUGO

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: VERONICA PIÑEIRO GOMEZ, NIF ***0627**, 18/01/2024 10:30:31.

CSV: 4303-3224-42BC-8D1B